

NEGU HURBILAK

Colectivo Negu, 2023

1246

ESTREA EN NUMAX: 26.02.2024 | V.O.S.E. | +12 | 92 min

No 2011 o prolongado conflito que vive o País Vasco semella chegar á súa fin. Unha moza foxe cun claro obxectivo: cruzar a fronteira, a "muga", porque sabe que iso a poderá levar lonxe do seu lugar de orixe, onde xa non está segura. No medio da súa fuxida chega a Zubieta, unha vila fronteiriza onde antigos mitos e conflitos modernos parecen converxer. Agochada no faiado dunha das casas da vila comeza a observar un cotián aparentemente inmóbil como a pedra. Co paso do tempo, un tempo difuso e indefinido, onde os días se convarten en noites e as noites en días, a súa fuxida comeza a ser cada vez máis densa e labiríntica.

«Un filme rebelde que formula moitas preguntas pero que non pretende dar todas as respostas»

Giorgia del Don, CINEUROPA



O peso do silencio

Por Ekain Albite, Nicolau Mallofré, Adrià Roca, Mikel Iburguren (Colectivo Negu)

Negu Hurbilak nace pola necesidade de expresar un sentimento. Algo que levabamos anos arrastrando. Un sentimento que, con perspectiva, decatámonos de que nos acompañou desde a infancia. Un sentimento que trascende o persoal. Que ten que ver cunha maneira de ser, cun algo compartido e herdado. É o sentimento do silencio. O peso do silencio.

A fin do conflito armado vasco coincide coa infancia de dous de nós, os nados no país vasco. Naqueles anos, na maioría de ámbitos, había temas dos que non se podía falar, nin sequera mencionar. Unha ferida aberta que co simple feito de mencionar era a cada volta máis grande. Un tabú. Algo que axiña se silenciaba. Que non podía falarse.

Axiña aprendemos que era mellor non preguntar e, como todos facían, calar. Así pasamos toda a xuventude, pero aos poucos fomos atopando fendas nas historias que a xente da nosa contorna nos explicaban ou calaban. Fendas polas que podes preguntar e explorar. Todos aqueles intentos, porén, truncábanse en cuestión de segundos. O silencio volvíase imposer. Durante moitos meses comezamos a comprendelo, a entendela, a escoitalo. Que feridas agardaban os seus rostros? Por que habitaban constantemente ese silencio? Esa dor? Pouco a pouco fomos comprendendo as contradicións que a xente vivira no conflito. Contradicións que abriran profundas feridas.

Simplemente queriamos relatar as súas vivencias. As vivencias dunha época escura onde falar podía ser sinónimo de perigo. E non houbo máis remedio que calar. Explicar esta fragilidade, esta incerteza, esta soidade, este silencio que os marcou como xeración. Pero sobre todo queremos atoparnos a nós mesmos nesas ruínas do conflito vasco. Tentar entender que é moveu á xente e á sociedade a todo este enfrontamento. Mergullar no gran mar de contradicións profundas que isto nos xerou e nos seguirá xerando. Non comezamos esa viaxe por atopar respostas ou certezas só comezamos porque unha gran pulsión dentro de nós nos mandou facelo.

Os rostros como expresión dese sentimento, as súas caras rugosas como símbolo da fatiga, da opresión e do silencio. Aquelas caras que fomos atopando son a expresión vital máis precisa desa sensación. Eses rostros que parecen ter sido conxelados no tempo desa derrota tan dolorosa. Unha mirada que clama pola liberación, pola necesidade de perder un peso insostible. A nosa cámara irase pausando nesos rostros ao longo do filme. Cando o espectador sinta a súa mirada quizais comprenderá a súa dor e o seu pasado. E alí onde a narrativa se perde e o sentimento reborda, o espectador entenderá que a dor de Jone, Kitxa ou Anita non é máis que a desolación dun pobo que tenta contar o seu pasado e non sabe como facelo. Un pobo que tenta falar e non é quen de facelo.

Coñecemos Zubieta case ao chou mentres paseabamos polas vilas fronteirizas do norte de Navarra. A única vila situada nas beiras da estrada xeral. "Iso é porque era unha vila de xitanos" insistía Lino, o noso guía, o noso faro. "Non ves que cara temos todos", bromeaba co seu sorriso. Quizais a súa paixón por cada recanto desa vila marabillosa fixo que nós tamén namorásemos. Quizais tamén porque Anita e Marcos nos compartiron a chistorra de porco que mataran unha semana atrás.